

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### REDONDELA

#### Contratos administrativos

*BASES PARA A INSTALACIÓN DE BARRAS OU POSTOS DE VENDA DE PRODUTOS DE ALIMENTACIÓN E BEBIDAS NO CAMPO DA FEIRA E RÚAS DE REDONDELA CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO ENTROIDO DE VERÁN*

*BASES PARA A INSTALACIÓN DE BARRAS OU POSTOS DE VENDA DE PRODUTOS DE ALIMENTACIÓN E BEBIDAS NO CAMPO DA FEIRA E RÚAS DE REDONDELA CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO ENTROIDO DE VERÁN*

O Concello de Redondela, dentro do programa do entroido de verán do 2024, organiza unha variada programación de concertos e actuacións o 24 de agosto, no que teñen previsto a venda de produtos de alimentación e bebidas

#### 1. OBXECTO:

As presentes bases establécense coa finalidade de regular o proceso de organización e realización do entroido de verán, garantindo os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, e entenderanse aceptadas integramente unha vez presentada a solicitude de participación.

#### 2. LUGARES E DATAS DA CELEBRACIÓN:

O programa de actuacións celebrarase o 24 de agosto do 2024 no Campo da Feira e máis ubicacións do centro da vila.

#### 3. TIPOLOXÍA DE POSTOS:

- TIPO A. POSTOS NO CAMPO DA FEIRA (Alimentación e bebidas) Inicialmente o número total de postos será dun máximo de 10 postos cunhas dimensións de seis metros lineais e 2,5 metros de fondo, cun total de 15m<sup>2</sup> por posto, quedando suxeitos a posibles modificacións. A distribución dos postos levarase a cabo pola concellería responsable da área na procura do beneficio do conxunto do evento. Concederase un posto por solicitante.
- TIPO B. POSTOS DE BEBIDAS E ALIMENTACIÓN (Rúas Alfonso XII, Xeneral Rubín, Rúa Ribeira, Praza José Figueroa, Praza da Constitución e máis ubicacións do centro da vila que a concellería responsable da área considere oportuno) Concederase un posto por solicitante.



Luns, 5 de agosto de 2024

Núm. 151

- TIPO C. POSTOS DE ALIMENTACIÓN (Rúas Alfonso XII, Xeneral Rubín, Rúa Ribeira, Praza José Figueroa, Praza da Constitución e máis ubicacións do centro da vila que a concellería responsable da área considere oportuno) Concederáse un posto por solicitante.

#### 4. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN:

Poderán presentar a solicitude para participar no Entroido de Verán todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que reúnan, como mínimo, os seguintes requisitos:

- a) Estar dados de alta na seguridade social.
- b) Non ter débedas coa seguridade social.
- c) Estar dado de alta no epígrafe do IAE correspondente
- d) Non ter débedas coa facenda estatal.
- e) Non ter débedas coa facenda autonómica.
- f) Estar en posesión do carné de manipulador/a de alimentos.
- g) Subscribir un seguro de responsabilidade civil que cubra o exercicio de venda.
- h) Satisfacer a taxa por ocupación do dominio público e os tributos que as ordenanzas fiscais establezan para o exercicio da actividade de venda non sedentaria.
- i) Os postos de venda de bebidas deben utilizar obrigatoriamente vasos reutilizables co obxectivo de avanzar cara ao fin da comercialización dos envases de plástico dun só uso. Ofrecerán os vasos reutilizables de balde ou mediante o depósito e posterior devolución da cantidade abonada.
- j) Os postos de venda de bebidas nas ubicacións do centro da vila (Rúas Alfonso XII, Xeneral Rubín, Ribeira, Praza José Figueroa, Praza da Constitución e máis ubicacións do centro da vila que a concellería responsable da área considere oportuno) deberán aportar unha declaración responsable na que declaren que abrirán os aseos dos seus locais para o uso do público en xeral (cando dispoñan de locais no centro da vila) ou a declaración responsable de por a disposición do público un baño químico. Este baño químico colocarse a unha distancia prudente do posto e previa consulta e autorización da concellería responsable.

#### 5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN INICIAL

As persoas físicas ou xurídicas interesadas presentarán as solicitudes no rexistro de entrada do Concello de Redondela dirixidas á Alcaldesa ou a través de calquera das formas sinaladas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas no modelo normalizado que se facilitará no propio rexistro.

Para o caso das persoas xurídicas, e de acordo co recollido no artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, a presentación e tramitación farase exclusivamente por medios electrónicos a través da sede electrónica do Concello de Redondela, debendo proceder a súa sinatura a través dos mecanismos



Luns, 5 de agosto de 2024

Núm. 151

admitidos na sede electrónica (<https://redondela.sedelectronica.gal>). No caso de que as entidades acheguen a súa solicitude en papel, requirirase a súa corrección mediante a súa presentación electrónica, considerando coma data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a corrección e que deberá realizarse dentro do prazo que se recolle na base seguinte.

Se as persoas solicitantes non reunisen os requisitos esixidos nestas bases e no resto da normativa de aplicación, requiriráselle para que emende as deficiencias en dez días, con indicación expresa de que se non o fixese, teráselle por desistido na súa solicitude despois da correspondente resolución, de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

Para o caso das persoas xurídicas, as notificacións serán electrónicas a través da sede electrónica do Concello de Redondela enviándose á conta de correo electrónico que conste na solicitude. Estas notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais dende a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

As solicitudes presentaranse no modelo normalizado aprobado polo Concello, no que constarán os seguintes datos:

- a) Nome, apelidos, enderezo para os efectos de notificación (cando non coincida co habitual), número do documento nacional de identidade e letra de identificación fiscal (NIF), ou do pasaporte en vigor, se é o caso. Os mesmos datos faranse constar cando a solicitude sexa formulada por representante autorizado (Anexo I).
- b) No caso de que a autorización sexa solicitada por persoa xurídica, esta fará constar na solicitude a persoa física que vai exercer a actividade, sinalando os datos establecidos no apartado a).
- c) Declaración responsable na que figurará como mínimo o seguinte (Anexo II):
  - Que coñezo e cumpro cos requisitos na normativa vixente, comprometéndome a manter o seu cumprimento durante o tempo de vixencia da autorización. Estar en posesión da documentación que acredita a vixencia dos permisos preceptivos para a prestación da actividade.
  - Cumprir os requisitos establecidos polas regulamentacións específicas sectoriais aplicables aos produtos de venda e polo Concello de Redondela mediante estas bases.

As persoas participantes presentarán a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI/NIF. No caso de que o solicitante sexa estranxeiro deberá acompañar fotocopia do pasaporte e do permiso de residencia e de traballo, ou da tarxeta de residencia, en vigor, segundo sexa non comunitario ou comunitario.
- Solicitude de inscrición (Anexo I)
- Modelo de declaración responsable (Anexo II)
- Xustificante de estar de alta na seguridade social.
- Xustificante de non ter débedas coa seguridade social.



Luns, 5 de agosto de 2024

Núm. 151

- Xustificante de estar de alta no IAE correspondente.
- Xustificante de non ter débedas coa facenda estatal.
- Xustificante de non ter débedas coa facenda autonómica.
- Fotocopia da póliza de seguro de responsabilidade civil.
- Xustificante de pagamento do seguro de responsabilidade civil.
- Xustificante de pagamento da taxa establecida.
- Fotocopia do carné de manipulador/a de alimentos.

#### 6. PRAZO DE SOLICITUDE.

O prazo de solicitude será dende o día seguinte á publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e ata o 12 de agosto.

Estas Bases publicaranse na páxina web do Concello de Redondela ([www.redondela.gal](http://www.redondela.gal)) e no taboleiro electrónico, onde se poderá descargar a documentación necesaria para realizar a inscrición.

#### 7. SELECCIÓN DAS PERSOAS PARTICIPANTES:

Tras avaliar as solicitudes presentadas en prazo, a Alcaldía adxudicará provisionalmente os postos tendo en conta os seguintes criterios:

- a) Adxudicarase un posto por persoa tanto física como xurídica, deixando a salvo a reserva que poida facer o Concello de acordo co disposto na base terceira.
- b) Cando as solicitudes superen o número de postos adxudicarase por orde de entrada da solicitude no rexistro do Concello.

Unha vez presentada a documentación, a Alcaldía ditará resolución definitiva adxudicando os postos a cada solicitante.

Estas autorizacións son intransmisibles.

#### 8. OBRIGAS DA ORGANIZACIÓN:

O Concello de Redondela encargarse da:

- a) Iluminación dos postos do Campo da Feira.
- b) Colocación de tomas de corrente nos postos do Campo da Feira.
- c) Instalación de papeleiras e contedores comúns.
- d) Difusión do evento a través dos medios que estime oportuno o Concello de Redondela.

#### 9. OBRIGAS DAS PERSOAS PARTICIPANTES:

As persoas participantes terán as seguintes obrigas:



Luns, 5 de agosto de 2024

Núm. 151

- a) A colocación, montaxe e desmontaxe do posto será por conta da persoa titular da autorización, respectando as medidas acordadas e o lugar adxudicado.
- b) Exercer a actividade ou vender exclusivamente os produtos ou xéneros para os que foron autorizados.
- c) Observar as normas sanitarias que establezan as disposicións vixentes así como as referentes ás pesas, medidas e as de disciplina de mercado ou comercialización.
- d) Manter as instalacións, postos e demais elementos de venda nas debidas condicións de seguridade, hixiene, conservación, limpeza e decorados.
- e) Ao remate da xornada comercial deberán recoller todos os desperdicios e todas as embalaxes debidamente atado/as e depositalo/as nos contedores para facilitar a ulterior tarefa de recollida de lixo.
- f) Igualmente deberán reparar os danos ocasionados na vía pública e instalacións como consecuencia do desenvolvemento da actividade para a que dispoñen de autorización.
- g) Efectuar o pagamento da taxa de acordo coa Ordenanza vixente en cada momento.
- h) As persoas participantes deberán mostrar un comportamento adecuado tanto cara ao público coma entre eles mesmos.
- i) Os participantes deberán cumprir cos requisitos establecidos na normativa vixente relativa a actividade a desenvolver.
- j) Se o participante renunciase á súa participación, deberá comunicalo con suficiente antelación ao Concello para poder adxudicar o posto a outra persoa se fose necesario.
- k) Quedan totalmente prohibidas todas aquelas actividades que supoñan un perigo de accidente durante a duración do evento. En canto aos produtos expostos, montaxe e decoración, deben cumprirse as Normas de Prevención de Riscos Laborais que sexan de aplicación no transporte, montaxe, manipulación, funcionamento e desmontaxe.
- l) Non se poderán ter instaladas cociñas nin estufas, así como elementos de iluminación que utilicen combustible gasoso (propano, butano...) agás que o autorice o Concello presentando previamente a documentación requirida. As deterioracións causadas na zona habilitada para o desenvolvemento do evento, causadas polos participantes, repararanse ao seu cargo.
- m) A descarga e carga da mercadoría realizarase no Campo da Feira antes das 17:00h e unha hora despois do remate, na zona habilitada para ese fin como carga e descarga, non podendo estacionar permanentemente.
- n) Non se deberá abandonar ou recoller o posto antes da hora de peche do evento, co fin de buscar a unidade e o maior aforo de xente posible.
- o) O Concello de Redondela reserva o dereito de clausurar aquel posto que non cumpra coas obrigas previstas nas presentes bases.



Luns, 5 de agosto de 2024

Núm. 151

*10. OUTRAS CONSIDERACIÓNS A TER EN CONTA:*

O Concello terá a facultade de poder prohibir a venda de certos produtos que considere inadecuados, inaxeitados ou que non concorden coa temática ou filosofía do evento.

O Concello resérvase o dereito de modificar cando considere conveniente as datas, o horario ou a distribución dos postos.

O Concello resérvase a facultade de inspeccionar o ben obxecto de autorización para garantir que o mesmo é usado de acordo cos termos da autorización.

O Concello poderá deixar sen efecto a celebración da Festa por causas de forza maior ou que o número de participantes non sexa o suficiente para a súa celebración ou por mor das inclemencias meteorolóxicas, ou por dárense as condicións recollidas no apartado cuarto do artigo 92 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas. Todo isto sen dereito a indemnización.

A participación no evento implica, para todas as persoas participantes, a aceptación expresa das presentes Bases.



Luns, 5 de agosto de 2024

Núm. 151

**ANEXO I (A)**  
**SOLICITUDE PARA POSTO TIPO A NO CAMPO DA FEIRA CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO ENTROIDO DE VERÁN 2024**

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
Nome e apelidos / Razón social			NIF
Enderezo			
Código postal	Municipio	Provincia	
Teléfono	Móbil	Fax	Enderezo electrónico

DATOS DO REPRESENTANTE (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
Nome e apelidos			NIF
Enderezo			
Código postal	Municipio	Provincia	
Teléfono	Móbil	Fax	Enderezo electrónico

**SOLICITO****Participar cun posto de venda no Campo da Feira con motivo do Entroido de Verán 2024**

Documentación que se achega:

- Fotocopia do DNI/NIF do solicitante. No caso de que o solicitante sexa estranxeiro deberá acompañar fotocopia do pasaporte e do permiso de residencia e de traballo, ou da tarxeta de residencia, en vigor, segundo sexa non comunitario ou comunitario.
- Declaración responsable (Anexo II (A)).
- Fotocopia da póliza do seguro de responsabilidade civil.
- Xustificante de pagamento do seguro de responsabilidade civil.
- Fotocopia do carné de manipulador/a de alimentos.
- Xustificante de pagamento da taxa por ocupación de vía pública, que se tramitará no departamento de Xestión tributaria do Concello.

AUTORIZO AO CONCELLO A COMPROBAR A DOCUMENTACIÓN INDICADA A CONTINUACIÓN . NO CASO DE NON AUTORIZAR, DEBERA PRESENTALA POR REXISTRO COA SOLICITUDE.

Si      Non (rísquese o que proceda)



Luns, 5 de agosto de 2024

Núm. 151

- Xustificante de estar de alta na seguridade social.
- Xustificante de non ter débedas coa seguridade social.
- Xustificante de estar de alta no IAE correspondente.
- Xustificante de non ter débedas coa facenda estatal.
- Xustificante de non ter débedas coa facenda autonómica.

Coa presentación desta solicitude acepto integramente o contido das bases.

Lexitimación do Concello para o tratamento de datos persoais: Bases e convocatoria que rexerán a participación no Entroido de Verán 2024.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámola/o de que este concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigação legal.

Pode retirar o consentimento, no caso de que o outorgase, en calquera momento, podendo exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao domicilio electrónico: [dpd@redondela.gal](mailto:dpd@redondela.gal).

Así mesmo, informámola/o do dereito para presentar unha reclamación ante a Agencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid ([www.agpd.es](http://www.agpd.es)).

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas interesadas poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos datos da/o beneficiaria/o en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.

Redondela, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

Asdo.:A/o solicitante

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE REDONDELA





Luns, 5 de agosto de 2024

Núm. 151

**ANEXO II (A)**  
**DECLARACIÓN RESPONSABLE**  
**Posto de venda no Campo da Feira con motivo do Entroido de Verán 2024**

Don/a \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_  
endereço \_\_\_\_\_  
e teléfono \_\_\_\_\_

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1. Que coñezo e cumpro cos requisitos na normativa vixente, comprometéndome a manter o seu cumprimento durante o tempo de vixencia da autorización. Estar en posesión da documentación que acredita a vixencia dos permisos preceptivos para a prestación da actividade que supón a participación no Entroido de Verán 2024
2. Cumprir os requisitos establecidos polas regulamentacións específicas sectoriais aplicables aos produtos de venda.
3. A utilización de **vasos reutilizables** co obxectivo de avanzar cara ao fin da comercialización dos envases de plástico dun só uso. Ofrecerán os vasos reutilizables de balde ou mediante o depósito e posterior devolución da cantidade abonada.

Redondela, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

**Asdo.:**



Luns, 5 de agosto de 2024

Núm. 151

**ANEXO I (B)**

**SOLICITUDE PARA POSTO DE TIPO B. POSTOS DE BEBIDAS E ALIMENTACIÓN** (Rúas Alfonso XII, Xeneral Rubín, Rúa Ribeira, Praza José Figueroa, Praza da Constitución e máis ubicacións do centro da vila que a concellería responsable da área considere oportuno) Concederáse un posto por solicitante.

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
Nome e apelidos / Razón social			NIF
Enderezo			
Código postal	Municipio	Provincia	
Teléfono	Móbil	Fax	Enderezo electrónico

DATOS DO REPRESENTANTE (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
Nome e apelidos			NIF
Enderezo			
Código postal	Municipio	Provincia	
Teléfono	Móbil	Fax	Enderezo electrónico

**SOLICITO**

**Participar cun posto de TIPO B. POSTOS DE BEBIDAS E ALIMENTACIÓN** (Rúas Alfonso XII, Xeneral Rubín, Rúa Ribeira, Praza José Figueroa, Praza da Constitución e máis ubicacións do centro da vila que a concellería responsable da área considere oportuno) Concederáse un posto por solicitante.

Documentación que se achega:

- Fotocopia do DNI/NIF do solicitante. No caso de que o solicitante sexa estranxeiro deberá acompañar fotocopia do pasaporte e do permiso de residencia e de traballo, ou da tarxeta de residencia, en vigor, segundo sexa non comunitario ou comunitario.
- Declaración responsable (Anexo II (B)).
- Fotocopia da póliza do seguro de responsabilidade civil.
- Xustificante de pagamento do seguro de responsabilidade civil.
- Fotocopia do carné de manipulador/a de alimentos.
- Xustificante de pagamento da taxa por ocupación de vía pública, que se tramitará no departamento de Xestión tributaria do Concello.



Luns, 5 de agosto de 2024

Núm. 151

AUTORIZO AO CONCELLO A COMPROBAR A DOCUMENTACIÓN INDICADA A CONTINUACIÓN . NO CASO DE NON AUTORIZAR, DEBERA PRESENTALA POR REXISTRO COA SOLICITUDE.

Si      Non (rísquese o que proceda)

- Xustificante de estar de alta na seguridade social.
- Xustificante de non ter débedas coa seguridade social.
- Xustificante de estar de alta no IAE correspondente.
- Xustificante de non ter débedas coa facenda estatal.
- Xustificante de non ter débedas coa facenda autonómica.

Coa presentación desta solicitude acepto integramente o contido das bases.

Lexitimación do Concello para o tratamento de datos persoais: Bases e convocatoria que rexerán a participación no Entroido de Verán 2024.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámola/o de que este concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigaón legal.

Pode retirar o consentimento, no caso de que o outorgase, en calquera momento, podendo exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao domicilio electrónico: [dpd@redondela.gal](mailto:dpd@redondela.gal).

Así mesmo, informámola/o do dereito para presentar unha reclamación ante a Agencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid ([www.agpd.es](http://www.agpd.es)).

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas interesadas poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos datos da/o beneficiaria/o en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.

Redondela, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

Asdo.:A/o solicitante

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE REDONDELA



Luns, 5 de agosto de 2024

Núm. 151

## ANEXO II (B)

## DECLARACIÓN RESPONSABLE

**POSTO DE TIPO B. POSTOS DE BEBIDAS E ALIMENTACIÓN** (Rúas Alfonso XII, Xeneral Rubín, Rúa Ribeira, Praza José Figueroa, Praza da Constitución e máis ubicacións do centro da vila que a concellería responsable da área considere oportuno)

Don/a \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_  
endereço \_\_\_\_\_  
e teléfono \_\_\_\_\_

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1. Que coñezo e cumpro cos requisitos na normativa vixente, comprometéndome a manter o seu cumprimento durante o tempo de vixencia da autorización. Estar en posesión da documentación que acredita a vixencia dos permisos preceptivos para a prestación da actividade que supón a participación no Entroido de Verán 2024
2. Cumprir os requisitos establecidos polas regulamentacións específicas sectoriais aplicables aos produtos de venda.
3. A utilización de **vasos reutilizables** co obxectivo de avanzar cara ao fin da comercialización dos envases de plástico dun só uso. Ofrecerán os vasos reutilizables de balde ou mediante o depósito e posterior devolución da cantidade abonada.
4. Cumprir o requisito de abrir os aseos dos seus locais para o uso do público en xeral (cando dispoñan de locais no centro da vila) ou a por a disposición do público un baño químico. Este baño químico colocarse a unha distancia prudente do posto e previa consulta e autorización da concellería responsable.

Redondela, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

**Asdo.:**

Luns, 5 de agosto de 2024

Núm. 151

**ANEXO I (C)**

**SOLICITUDE PARA POSTO TIPO TIPO C. POSTOS DE ALIMENTACIÓN** (Rúas Alfonso XII, Xeneral Rubín, Rúa Ribeira, Praza José Figueroa, Praza da Constitución e máis ubicacións do centro da vila que a concellería responsable da área considere oportuno)  
Concederáse un posto por solicitante.

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
Nome e apelidos / Razón social			NIF
Enderezo			
Código postal	Municipio	Provincia	
Teléfono	Móbil	Fax	Enderezo electrónico

DATOS DO REPRESENTANTE (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
Nome e apelidos			NIF
Enderezo			
Código postal	Municipio	Provincia	
Teléfono	Móbil	Fax	Enderezo electrónico

**SOLICITO**

**Participar cun posto de venda TIPO C. POSTOS DE ALIMENTACIÓN** (Rúas Alfonso XII, Xeneral Rubín, Rúa Ribeira, Praza José Figueroa, Praza da Constitución e máis ubicacións do centro da vila que a concellería responsable da área considere oportuno) Concederáse un posto por solicitante.

Documentación que se achega:

- Fotocopia do DNI/NIF do solicitante. No caso de que o solicitante sexa estranxeiro deberá acompañar fotocopia do pasaporte e do permiso de residencia e de traballo, ou da tarxeta de residencia, en vigor, segundo sexa non comunitario ou comunitario.
- Declaración responsable (Anexo II (C)).
- Fotocopia da póliza do seguro de responsabilidade civil.
- Xustificante de pagamento do seguro de responsabilidade civil.
- Fotocopia do carné de manipulador/a de alimentos.
- Xustificante de pagamento da taxa por ocupación de vía pública, que se tramitará no departamento de Xestión tributaria do Concello.



Luns, 5 de agosto de 2024

Núm. 151

AUTORIZO AO CONCELLO A COMPROBAR A DOCUMENTACIÓN INDICADA A CONTINUACIÓN . NO CASO DE NON AUTORIZAR, DEBERA PRESENTALA POR REXISTRO COA SOLICITUDE.

Si      Non (rísquese o que proceda)

- Xustificante de estar de alta na seguridade social.
- Xustificante de non ter débedas coa seguridade social.
- Xustificante de estar de alta no IAE correspondente.
- Xustificante de non ter débedas coa facenda estatal.
- Xustificante de non ter débedas coa facenda autonómica.

Coa presentación desta solicitude acepto integramente o contido das bases.

Lexitimación do Concello para o tratamento de datos persoais: Bases e convocatoria que rexerán a participación no Entroido de Verán 2024.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopan vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámola/o de que este concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigaón legal.

Pode retirar o consentimento, no caso de que o outorgase, en calquera momento, podendo exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao domicilio electrónico: [dpd@redondela.gal](mailto:dpd@redondela.gal).

Así mesmo, informámola/o do dereito para presentar unha reclamación ante a Agencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid ([www.agpd.es](http://www.agpd.es)).

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas interesadas poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos datos da/o beneficiaria/o en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.

Redondela, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

Asdo.:A/o solicitante

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE REDONDELA



Luns, 5 de agosto de 2024

Núm. 151

**ANEXO II (C)  
DECLARACIÓN RESPONSABLE**

**Posto de venda PARA POSTO TIPO TIPO C. POSTOS DE ALIMENTACIÓN** (Rúas Alfonso XII, Xeneral Rubín, Rúa Ribeira, Praza José Figueroa, Praza da Constitución e máis ubicacións do centro da vila que a concellería responsable da área considere oportuno) Concederáse un posto por solicitante.

Don/a \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_  
endereço \_\_\_\_\_  
e teléfono \_\_\_\_\_

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1. Que coñezo e cumpro cos requisitos na normativa vixente, comprometéndome a manter o seu cumprimento durante o tempo de vixencia da autorización. Estar en posesión da documentación que acredita a vixencia dos permisos preceptivos para a prestación da actividade que supón a participación no Entroido de Verán 2024
2. Cumprir os requisitos establecidos polas regulamentacións específicas sectoriais aplicables aos produtos de venda.

Redondela, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

**Asdo.:**

